

Proxecto Lingüístico de Centro 2024/2027

**CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS
REMEDIOS**

SUMARIO

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN LEGAL.....	4
3. CONTEXTUALIZACIÓN.....	4
4. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	5
5. OBXECTIVOS.....	7
6. ACTIVIDADES.....	10
7. RECURSOS.....	14
8. MATERIAS DO CURRÍCULO E LINGUA NA QUE SE IMPARTEN.....	15
9. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.....	17
10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.....	17
11- AVALIACIÓN.....	20

1. INTRODUCCIÓN

A nosa comunidade galega posúe unha cultura moi rica posto que nela conviven dúas linguas oficiais. A nosa identidade cultural como galegos/as obviamente ten como elementos básico a nosa propia lingua: a Lingua Galega.

Como ben se reflicte no Decreto vixente para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos/as temos o dereito de coñecelos e usalos.

En cursos anteriores elaboráronse diversos Plans de Normalización Lingüística para promover o fomento do uso da Lingua Galega na nosa Comunidade Educativa. No curso 2014/2015 elaborouse un novo Proxecto Lingüístico baseado no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e requiriu dun importante traballo ao longo dese curso escolar. Fixéronse varias enquisas para saber de onde partir e para elaborar un PLC adaptado ao noso centro. O feito de que o noso centro estea situado nunha zona hostil ao Galego fai que teña moita importancia a información recibida da comunidade educativa.

No curso 2014/2015 foi revisado este Proxecto Lingüístico, tendo como base ao novo Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Este traballo foi levado a cabo por unha comisión creada especificamente para elo, da que formaron parte o Equipo da Dinamización da Lingua Galega e a secretaria do centro.

Neste curso 2023/2024 revisamos o novo Proxecto Lingüístico, dito traballo foi realizado segundo o establecido no Decreto vixente.

2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

No deseño do presente proxecto tivéronse en conta os referentes legais vixentes: Constitución, Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística e Decreto de plurilingüismo.

3. CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios está situado nun entorno urbano, no centro da vila de Ponteareas (Pontevedra). A zona de escolarización do centro abrangue, ademais da parte central do casco urbano da vila, alumnado de varias parroquias do rural. Este alumnado do rural utiliza o transporte escolar e pertence ás parroquias de Ribadetea, Padróns, Fozara, Prado, Pías e Bugarín; o que supón neste intre algo menos dunha terceira parte do total do alumnado do centro.

Neste momento, o CEIPP conta como centros adscritos ás escolas unitarias de Educación Infantil de Pías e de Ribadetea que pertencen ao CRA A Picaraña, coas que temos algunhas actividades conxuntas e un programa de acollida previo á escolarización do seu alumnado no noso colexio.

O centro conta con 15 unidades de educación primaria e 6 de educación infantil, estando o claustro constituído por 14 titores/as de Educación Primaria, 6 de Educación Infantil, 2 especialistas en Pedagogía Terapéutica, 1 especialista en Audición e Linguaxe, 2 especialistas en Educación Física, 3 especialistas en lingua estranxeira Inglesa, 1 especialista en lingua estranxeira Francés, 1 especialista en Música, 1 orientadora e 2 mestras de apoio á E. Infantil. Para impartir Relixión hai dúas mestras nomeadas pola Consellería con carácter de persoal laboral indefinido.

Como persoal non docente, hai 1 conserxe contratado polo Concello; 1 cociñeiro, 3 axudantes de cociña e 1 administrativa. O servizo de limpeza lévase a cabo por 3 limpadoras, pertencentes a unha empresa contratada polo Concello.

Características das familias

Estes últimos anos puidemos observar como o número de alumnado inmigrante foi aumentando. Tamén destacamos a presenza dun número importante de familias de etnia xitana, o que fai necesario a aplicación dun programa para a integración das minorías étnicas.

Por outra banda, cabe destacar que son numerosos os pais/nais que acoden ás reunións de principio de curso. Así e todo, é necesario buscar novas canles para lograr que a participación das familias na Comunidade Educativa sexa maior, polo que se está a analizar o estado actual, procurando posibles solucións, insistindo na posta en marcha dunha Escola de Familia, que, ata agora, non se logrou que tivera unha aceptación a uns niveis normais por parte da Comunidade Educativa do noso Centro.

Unha das características dunha boa parte das nosas familias é o baixo nivel socioeconómico que, coa crise e o vivido durante a época COVID, empeorou moito. A desaparición dunha boa parte do escaso tecido empresarial desta zona está a provocar numerosas dificultades entre un amplo sector da nosa Comunidade Educativa.

4. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

No curso 2007/08 o equipo que elaborou naquel intre o Proxecto Lingüístico do Centro, realizou unhas enquisas tomadas das Guías Prácticas para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos que enviou aos centros a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Dado que o noso centro está emprazado nun medio urbano, a presenza da lingua galega no contexto físico e social non é permanente. Así, a lingua habitual tanto de comunicación como a empregada nas interaccións comunitarias da nosa poboación é maioritariamente a lingua castelán, habendo unha porcentaxe cada vez máis baixa de xente que emprega o galego. Hai que sinalar de todas formas que o castelán que emprega a maioría da poboación contén estruturas sintácticas do galego, tanto a nivel de construción de oracións, ausencia case total de tempos compostos e incluso castelanización de formas propias do galego. Case podemos falar dun galego con vocabulario do castelán.

Dende o curso 2007/08 foi en aumento considerable o alumnado que utiliza a lingua Castelá para comunicarse cos demais. Nas avaliacións internas da competencia lingüística que se fan no noso centro estamos observando que unha boa parte do alumnado ten dificultade para expresarse oralmente en Galego (erros na pronuncia de nh-, por exemplo)

Con todo, segundo a valoración das enquisas correspondentes, dedúcese que o centro segue a manter o seu contorno galegofalante, a pesar de que o predominio da lingua galega está diminuindo a prol do castelán.

Con referencia ás institucións dicir que a lingua empregada polos traballadores do Concello adoita ser o galego, así como a empregada polas entidades asociativas do contorno.

O resultado da pregunta aos pais/nais titores/as ou representantes legais do/a alumno/a cando se matriculan en 4º de infantil, é o seguinte:

- Xuño 2020: De 39 enquisas entregadas, 10 familias manifestan que a lingua materna do seu fillo/a é o Castelán, 5 manifestan que a lingua materna é o Galego, 22 as dúas e 2 outras linguas.

- Xuño 2021: De 33 enquisas entregadas, 10 familias manifestan que a lingua materna do seu fillo/a é o Castelán, 5 manifestan que a lingua materna é o Galego, 14 as dúas e 4 outras linguas.

- Xuño 2022: De 40 enquisas entregadas, 21 familias manifestan que a lingua materna do seu fillo/a é o Castelán, 5 manifestan que a lingua materna é o Galego e 14 as dúas.

- Xuño 2023: De 32 enquisas entregadas, 9 familias manifestan que a lingua materna do seu fillo/a é o Castelán, 4 manifestan que a lingua materna é o Galego, 16 as dúas e 3 outras linguas.

5. OBXECTIVOS

5.1 OBXECTIVOS XERAIS:

- ✓ Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).
- ✓ Prestixiar o galego como lingua vehicular que se converte en instrumento dunha cultura que ofrece interese para alumnos/as e mestres/as.
- ✓ Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- ✓ Acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- ✓ Mellorar a expresión oral en Galego, utilizando actividades como a radio escolar.
- ✓ Promover a lectura, a fala, a comprensión e escritura na lingua Galega.
- ✓ Promover que toda a documentación oficial do Colexio, así como todas as comunicacións internas do Centro, utilizando distintas canles como pode ser Abalar, se fagan en Galego.
- ✓ Valorar a historia e cultura propias deseñando programas, diferentes proxectos, obradoiros... de coñecemento das mesmas.
- ✓ Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.

- ✓ Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso. Así como dotalas de ferramentas como o libro electrónico como recursos para a lectura e procura de información, empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- ✓ Promover a lingua galega no centro educativo e potenciar o seu uso, aplicando as TICS, distintos materiais atopados na aula de Polos Creativos, e outros recursos didácticos.
- ✓ Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua Galega, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houber.
- ✓ Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- ✓ Promover as festas tradicionais galegas.
- ✓ Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía...
- ✓ Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- ✓ Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
- ✓ Diseñar, desenvolver e revisar actividades, utilizando os novos medios, creando un clima positivo de participación do alumnado, dos pais, mestres e entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do centro.

5.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

a) Obxectivos a curto prazo

- Acadar o compromiso do profesorado e demais membros da comunidade educativa na labor de fomento do uso do galego.
- Acadar unha actitude positiva respecto do uso do galego.
- Animar á formación do profesorado e procurar a adquisición de instrumentos de uso didáctico co galego como lingua vehicular.
- Promover campañas de sensibilización dirixidas ao resto dos membros da comunidade educativa
- Definir unha liña lingüística do centro realista e respectuosa cos dereitos lingüísticos individuais.
- Utilizar as TIC para promover iniciativas innovadoras no centro (radio escolar, internet, material da aula de Polos Creativos, actividades informáticas, tabletas dixitais, presentacións en soportes dixitais, etc.)
- Potenciar a formación de usuarios de novos medios da información e da comunicación.

b) Obxectivos a medio prazo

- Proxectar e desenvolver actuacións que posibiliten unha actitude positiva cara ao uso do galego en diferentes situacións.
- Recuperar e potenciar as actividades lúdicas tradicionais.
- Dispoñer de material para todas aquelas áreas que amosen disposición de impartir clases en Galego.

- Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación axeitados ás súas necesidades.
- Incluír contidos da realidade cultural galega nas programacións didácticas.
- Prestar especial atención á situación nos centros adscritos.

c) Obxectivos a longo prazo

- Lograr que o uso do galego na vida diaria do centro ocupe unha posición idéntica á do castelán.
- Vincular as nosas actuacións á obtención dunha competencia axeitada do Galego no ensino obrigatorio.
- Acondicionar o entorno do centro para a práctica habitual de xogos tradicionais.

6. ACTIVIDADES

Actualización de fondos en lingua galega; é esta unha actividade necesaria para facilitar a labor docente no fomento do uso do galego, así como a utilización por parte do alumnado de material en lingua galega.

Recuperación de xogos populares e tradicionais de Galicia; trátase de recuperar tradicións e formas de xogo autóctonas, propias da comarca e da Comunidade, así como aumentar o repertorio de xogos coñecidos polo alumnado e a motivación deste cara a realización dos mesmos. Esta actividade tamén se realiza na aula de **Polos Creativos** onde afondan na realización de xogos tradicionais propios da cultura galega. Conta con varios obradoiros, nos que os alumnos/as xogas con robots ou coas placas microbits.

Club de Ciencias: actividade deseñada polo centro fóra do horario lectivo. Trabállanse dúas liñas: ciencia e robótica. Neste club os alumnos/as realizan experimentos, prográmanse robots para finalmente ir á feira das ciencias (organizada en Ponteareas) onde lles ensinan as súas aprendizaxes tanto ás familias como todas aquela persoas que queiran desfrutar da feira das ciencias.

A maxia das ondas; a Radio Faladora: emitíranse pola radio escolar programas de radio que contribúan ao fomento e uso do galego (obviamente estes programas serán emitidos en lingua galega). Dende o EDLG elaboráranse os guións dos programas emitidos, contando coa colaboración do alumnado, de tal xeito que este forme parte integrante do traballo realizado: como guionistas ou como locutores. Tamén colaboran as familias cando veñen para ser entrevistados polos alumnos/as encargados ese día da radio faladora. Estas ondas de radio ao oírse en toda a escola tamén chega ao resto da sociedade posto que se escoita tamén no patio escolar, e como é unha escola situada no medio da vila de Ponteareas tamén poden gozar destes programas de radio todas as persoas que pasen nese momento polas rúas que están situadas preto da escola. Os programas de radio van destinados a toda a Comunidade Educativa.

Almanaques sobre aspectos da nosa cultura: cada curso escolar centrase no proxecto de centro. Colaboran todas as aulas da escola xa que cada unha delas realiza ou o mes ou a parte de arriba do almanaque.

Expositores do galego: colocárase en cada corredor do centro (un para os cursos 1º, 2º e 3º; outro para 4º, 5º e 6º; e outro máis no edificio de infantil), un expositor da lingua galega. Nestes expositores haberá información relacionada có proxecto de cento que virá da man da nosa mascota: a pita faladora.

Como en todo proxecto lévase a cabo un traballo de investigación, polo que todos os datos recompilados polo alumnado, sobre dito tema, serán expostos nestes expositores.

O Samaín que normalmente se celebra xunto có Magosto (Magostín): realízanse distintas actividades como: como creación de historias de medo, concurso de receitas terroríficas, etc.

Para a celebración do magosto propóñense xogos tradicionais e música en lingua galega.

A Pita faladora: nova edición da nosa revista escolar (“A Pita Faladora”) tratando que coincida coa celebración do Día das Letras Galegas ou datas próximas. Na súa elaboración participan todos os mestres e mestras, así como tamén o propio alumnado, xa que é o seu traballo o que se ve reflectido nas páxinas da revista. Faise en formato dixital e preséntase na web do colexio dándolle así visibilidade para que toda a comunidade educativa. Poida desfrutar deste traballo realizado polos nosos alumnos e alumnas.

Cóntame un conto: creación de contos en galego. Esta actividade comeza na Educación Infantil para posteriormente pasar á Educación Primaria. En Infantil escriben unha palabra e ao subir nos cursos iranse aumentando o número de palabras creando distintos contos. Esta actividade está deseñada con motivo do día do libro (23 de abril).

Día da paz: elaboración de manifestos que serán lidos polo alumnado o 30 de xaneiro con motivo do Día escolar da Non Violencia e da Paz.

O Entroido: elaboración de disfraces para o Entroido con temática diversa, diferente pero semellante e tratando de relacionalo có proxecto do centro nese curso.

A parte disto cada ano dáselle aos nenos/as unha charla informativa sobre como se vive o entroido en diferentes lugares de Galicia, afondando así nas tradicións propias da cultura galega.

O que mande o “Meco”: deseño e elaboración dun boneco, “O Meco”, quen dará ordes (obviamente en lingua galega) para levar a cabo durante a semana do Entroido.

O gran desfile: desfile polo recinto escolar cós disfraces de Entroido e **queima do Meco** (tradición popular galega).

Letras Galegas: realización de actividades para a conmemoración do Día das Letras Galegas. As propostas coordinaranse dende o EDLG e acordaranse cada ano.

Realízase unha **homenaxe ao autor/a homenaxeado no Día das Letras Galegas de cada ano**. Realización de distintas actividades como: creación de carteis por aula ou nivel sobre o autor das Letras Galegas, elaboración dun mural no que participará o alumnado do colexio (cada aula deseña e decora zonas ou adornos dun mural sobre as Letras Galegas que será exposto nun dos taboleiros do centro) tamén se fai un gran mural para adornar o día da celebración do **Acto central**. Este acto consiste en actuacións variadas, lectura dun manifesto en prol do galego e o canto do Himno de Galicia.

Caricatura do autor/a homenaxeado no Día das Letras Galegas de cada curso: pintado do valado coa caricatura do autor das Letras Galegas de cada ano. Tentarase que se realice coa axuda do alumnado de Educación Primaria xunto cós distintos mestres que forman parte deste equipo.

Realización das meninas: debido ao descubrimento de que unha das meninas era de Ponteareas dende a escola decórase unha menina. Esta menina repártea o Concello entre os diferentes colexios da zona, para posteriormente expoñelas o día da celebración co Corpus. Os alumnos e alumnas decoran as meninas con temas propios da cultura galega.

Coincidindo coa realización das meninas realízase o obradoiro de “Mantemos viva a nosa cultura” que consiste na recompilación de información sobre a cultura de Ponteareas, incluídas festas e monumentos arquitectónicos (xusto antes da festa do Corpus tan importante nesta localidade). Exporanse os traballos realizados polos alumnos/as para que o poida ver toda a comunidade educativa.

Coñecendo pintores/as galegos: coincidindo có día das Artes Galegas. Cada curso escolar coñecerán un pintor/a galego/a. Coñeceran as súas obras de arte e realízanse distintas actividades.

Os informáticos dos Remedios: realización de actividades informáticas en galego (encerado dixital, caza de tesouros...) e emprego da Aula Virtual.

A convivencia: dende o equipo de Educación Infantil propónse a celebración dunha convivencia na escola. Cada ano lévase a cabo unha temática diferente que soe estar relacionada có proxecto de centro. Nesta convivencia participa toda a comunidade educativa, os mestres xunto coas familias axudan a realizar a actividade. Colabórase nesta actividade ao axudar na elaboración das distintas temáticas e obviamente isto realízase en lingua galega. Haberá unha persoa encargada de anunciar os distintos cambios para que todos os alumnos/as pasen polas distintas casetas (estas ordes serán ditas en lingua galega).

Actualización da web do colexio: continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización da lingua Galega, actividades que se realizan, conmemoracións, programas emitidos a través da radio escolar, os números da revista escola “A pita faladora”, novidades...

Contacontos e visitas de escritores/as en lingua Galega: promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro.

7. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.

7.1.HUMANOS

- ✓ Todo o profesorado e alumnado do centro.

Colaboración con:

- ✓ ANPA.
- ✓ Concellería de Cultura do Concello de Ponteareas.
- ✓ Outros centros educativos da zona e outros equipos da dinamización da lingua galega
- ✓ Escritores/as, contacontos en lingua Galega.

7.2.MATERIAIS

- ✓ Biblioteca escolar: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta, libros dixitais...
- ✓ Equipos informáticos e audiovisuais do Colexio.
- ✓ Pantallas dixitais interactivas e tabletas dixitais.
- ✓ Aula de informática e Aula de Polos Creativos.
- ✓ Medios de reprografía do Colexio.
- ✓ Taboleiro de anuncios.
- ✓ Todo tipo de materiais para realizar as actividades propostas.

8. MATERIAS DO CURRÍCULO E LINGUA EN QUE SE IMPARTEN

Na *educación infantil*, segundo se establece no Artigo 5 vixente do plurilingüismo no ensino, o profesorado utilizará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno e procurando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo. Polo tanto utilizarase o Castelán como lingua vehicular (por ser a lingua predominante). Así o indican as sucesivas enquisas feitas ás familias do alumnado de 4º de E. Infantil dende o 2015.

A segunda lingua, o galego, será introducida paulatinamente con actividades tipo como as que se relacionan a continuación:

- * Audición de contos en galego.
- * Vocabulario en galego por centros de interese utilizando debuxos e fotografías.
- * Traballo por proxectos nos que se utilice a lingua galega.

Na *educación primaria* as materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartirase en galego as materias de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais e en castelán a materia de Matemáticas. Tal e como se indica no decreto do plurilingüismo, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. Tamén se respectará, claro está, a legalidade vixente en canto ao ensino das linguas estranxeiras.

No seguinte cadro indicamos a lingua na que se impartirá cada materia en E.Primaria.

ÁREAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua Estranxeira: Inglés	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Relixión / Proxecto competencial	1	1	1	1	1	1
Educación e Valores Cívicos e Éticos						1
TOTAIS	11/11	11/11	10/11	10/11	11/10	10/11

As materiais **sombreadas en azul impártense en Galego** e as **sombreadas en verde en Castelán**. As que están sen sombreadar impártense en Inglés (Plástica 1º, 2º e 3º plurilingüe inglés; Plástica 4º a 6º son bilingües Inglés/Galego).

9. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS.

As programacións dende o curso pasado 2022-2023 deben elaborarse en PROENS polo que se realizan na lingua que posúe dita aplicación, que é a lingua galega.

10. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

Adoptaranse as medidas necesarias para aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades para acadar os obxectivos propostos, tratando que teñan todos aqueles apoios que precisen, cos distintos mestres e mestras de apoio, coa finalidade de axudalos e motivalos no emprego da lingua galega. Se fose preciso formularanse actividades específicas e concretas axeitadas ao seu nivel.

En canto ás actuacións do **equipo directivo**, este fará fincapé para que a comunidade escolar coñeza con rapidez a diversa información que, relativa á lingua galega, é publicada a cotío por medios de comunicación e organismos oficiais. Así mesmo, estimulará a realización de cursos/xornadas/seminarios... do profesorado, que incidan na súa competencia lingüística e na súa competencia pedagóxica sobre contidos que supoñan o aumento do emprego da lingua galega no ensino diario.

No **campo das TIC**, dado o uso cada vez máis notable das ferramentas informáticas, tentarase dotar a todos os ordenadores de programas en lingua galega (tradutores, procesadores de texto, navegadores...). Tamén tentarase promover, a través dos medios informáticos, os recursos didácticos referentes á lingua galega e presentes na rede, así como tamén a presenza do colexio nesta última (páxina web, blogs...) en lingua galega. Tamén se procurará que todas as actividades propostas tanto na Aula de Informática como na Aula de Polos Creativos se realicen en lingua galega.

No referente ao **profesorado** potenciarase o uso do galego como lingua de relación do mesmo entre si e cos alumnos e alumnas. Tamén se favorecerá a produción de

documentos colectivos (revistas, boletíns...) en lingua galega. O compromiso do profesorado será velar pola súa propia corrección lingüística nos usos orais e mais escritos, así como pola dignificación da lingua galega promovendo a eliminación de tabús e prexuízos, favorecendo o seu uso a través do seu propio modelo persoal.

No tocante ás **familias** tomaranse as seguintes medidas:

- Realizar todas as comunicacións por escrito en lingua galega a través das axendas ou de Abalar.
- Ir incrementando paulatinamente nas comunicacións presenciais o uso do galego.
- Favorecer o uso da lingua galega nas actividades extraescolares.

Medidas adoptadas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

Para aqueles alumnos e alumnas que por circunstancias de idioma ou dificultades de aprendizaxe non son quen de acadar os obxectivos propostos, adoptaranse as seguintes medidas:

- a) *Actividades de atención ao alumnado procedente do estranxeiro e pertencente a minorías étnicas.*
- No momento de incorporación dun alumno/a ao sistema educativo faráselle unha **Avaliación inicial** (que incluírá entre outras cousas, unha avaliación da competencia curricular do alumno ou alumna, a parte dunha avaliación do seu coñecemento da Lingua Galega e da Lingua Castelá) e de estimarse necesario completárase coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefa do Departamento de Orientación. Esta avaliación inicial farase nos primeiros días de incorporación ao centro para determinar o nivel no que vai ser escolarizado e para determinar as medidas de atención escolar que teña que recibir. A partires desta avaliación inicial, si é necesario, poderán propoñerse distintas medidas de atención.
- Reunións coas mestras de apoio dentro do Departamento de Orientación para planificar as actividades.

- Coordinación das accións a levar a cabo, tanto por parte da mestra de atención a estranxeiros/as, como dos titores/as e demais profesorado do centro, cara a lograr unha boa integración a todos os niveis.
- Aplicación dun programa de coñecemento e dominio das linguas galega e castelá para aquel alumnado que non coñeza ou non domine algunha delas, co obxecto de que poidan aproveitar con normalidade na clase. Poderán chegar a facerse grupos de adquisición das linguas nas condicións que se establecen na Orde da Consellería do 20 de febreiro de 2004.
- Aplicación dun Programa de Habilidades Sociais nos casos nos que se estime necesario, segundo as conclusións da avaliación inicial.
- Aplicación das demais medidas curriculares previstas pola Lei, segundo as necesidades que presente este alumnado.
- Actividades para que os demais alumnos e alumnas coñezan as culturas deste alumnado, e para que estes coñezan a nosa cultura, e se desenvolva un clima de tolerancia e respecto por parte de todos e todas.
- Avaliación do programa e revisión dos aspectos que se consideren susceptibles de mellora.

b) Outras medidas de actuación:

- ✓ Apoio a través de material audiovisual.
- ✓ Uso de materiais informáticos en galego.
- ✓ Traballar con programas didácticos en galego, moi sinxelos.
- ✓ Dedicar tempos fixos para manter conversacións en galego (entrada, saída, despois do recreo, hora de ler, parte meteorolóxico do día...)
- ✓ Ver curtas e programas infantís en galego, tanto na escola coma na casa.

- ✓ Recomendacións bibliográficas, por parte do mestre/a, curtas e sinxelas, adaptadas as diferente épocas e festividades: estacións do ano, festas tradicionais...
- ✓ Axuda dun mestre de apoio dentro da aula, ou de apoio a estranxeiros e minorías étnicas e de Audición e Linguaxe se fose preciso.

11. AVALIACIÓN.

Segundo o Decreto vixente para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar . Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As conclusións que se tiren expoñeranse no consello escolar, quen, como xa se indicou, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

En Ponteareas, a 3 de outubro de 2023

V.º e pr. O director

A Coordinadora

Asdo.: José Ángel Penas Tallón

Asdo.: María Rosa López Justo

Dona M^a Margarita Loureiro Seijo, Secretaria do CEIP Nosa Señora dos Remedios
CERTIFICA:

Que este Proxecto Lingüístico do CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios 2024/2027 foi informado e avaliado positivamente polo Claustro e polo Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Nosa Señora dos Remedios en sendas sesións ordinarias destes órganos de goberno celebradas o 3 de outubro de 2023, tal e como figura nas actas desas dúas reunións.

Ponteareas, a 3 de outubro de 2023

V^o e Prace: O Director

A Secretaria

Asdo.: José Ángel Penas Tallón

Asdo.: M^a Margarita Loureiro Seijo